

BASES

XIV CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Ano 2014)

OBXECTO

O "XIV Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras da USC" ten por obxecto premiar a aquelas emprendedoras e emprendedores que presenten ideas innovadoras susceptibles de converterse en proxectos empresariais a curto e medio prazo.

O CONCURSO REXERASE POLAS SEGUINTES BASES:

Artigo 1. PARTICIPANTES

O concurso vai dirixido a toda a comunidade universitaria, (estudantes, tituladas e titulados, doutorandas e doutorandos, PAS, etc.) e a todas as áreas de coñecemento (Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias Xurídicas e Sociais, Ciencias Experimentais e Ensinanzas Técnicas) de calquera das universidades galegas.

Artigo 2. INSCRICIÓN

A **inscrición** no concurso realizarase de forma **telemática**, cumprimentando o formulario que aparece na páxina web de UNIEMPENDE: www.uniempende.es

Artigo 3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación vai desde o día **30 de setembro ata o 14 de novembro de 2014** ambos inclusive.

Artigo 4.- PREMIOS

Outorgaranse 5 premios de 600 euros, independentemente do número de participantes. Estes premios están suxeitos a unha retención de IRPF.

Todas as persoas premiadas terán a obriga de entregar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia que acredite a súa vinculación universitaria (carné, título, impreso de matrícula, etc.)
- Certificación Bancaria co número de conta a onde se debe facer o ingreso. No caso de a idea premiada pertenza a varias persoas, acordo asinado por todos/as as promotores/as da mesma, para poder facer o ingreso a unha soa persoa.

Artigo 5.- XURADO

O xurado estará composto por representantes da Universidade de Santiago de Compostela e de entidades colaboradoras. A súa composición publicarase no taboleiro de anuncios do Edificio Emprendia.

Artigo 6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Valoraranse de forma preferente os seguintes aspectos:

- Viabilidade e factibilidade da idea
- Carácter innovador
- Grao de madurez da idea
- Mercado
- A presenza de políticas de igualdade

Artigo 7.- CONFIDENCIALIDADE

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos e ideas aportados polos participantes que non foran premiados.

Artigo 8.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso implica a plena aceptación das súas bases e da decisión do xurado.

A organización do concurso resérvase o dereito a declarar deserto un ou varios premios, no caso de que as ideas non reúnan as condicións necesarias para seren premiadas, así como poder ampliar os premios concedendo os accésits que considere oportunos.

Non poderán presentarse a este concurso, nin directamente nin a través de familiares, o persoal dalgunha das entidades relacionadas co Programa UNIEMPRENDE da Universidade de Santiago de Compostela.

PARA MÁIS INFORMACIÓN pódese contactar con:

UNIEMPRENDE

Tel. 900 100 981 / 881 815 561

uniemprende@usc.es

www.uniemprende.es